

NiN
ESTADO
NiN
CAPITAL


autoxestión
democracia
directa
horizontal
apoyo
mutuo

se **NON** nos representan
os votos



abstención activa

Cales son os nosos problemas?



• **Quen goberna, quen manda**

Quen verdadeiramente goberna a sociedade é o estado e o diñeiro que compra vontades. O diñeiro da banca e das multinacionais que quita e pon ó seu servizo a políticos e gobernantes. E tamén o estado que por interese propio axuda ao capital en contra do pobo.

• **Un modelo económico esgotado e destrutivo**

O sistema capitalista está baseado no constante crecemento contra os recursos do planeta que son finitos. O aumento constante de consumo está a esgotar moitas materias primas, a destruír a natureza e a provocar a desaparición de moitas especies. O grande poder das multinacionais e dos estados é causante da miseria e morte en boa parte do planeta e está a alentar as modernas guerras polo control de recursos estratéxicos como os combustibles fósiles e outros materiais valiosos para a industria.

• **Un modelo económico deshumanizado**

A economía non está ao servizo das persoas e non son as persoas quen fan da economía unha actividade humana para o seu benestar. O liberalismo económico pon ao mesmo nivel a liberdade de mercado e a liberdade das persoas. As persoas verdadeiramente libres e responsables nunca permitirían os abusos que se están a producir en nome da economía e en beneficio duns poucos. Cada vez son menos os que máis teñen e moitos os que teñen pouco ou nada.

• **Unha crise feita polos ricos que a pagan os pobres**

Os banqueiros e as grandes empresas son os máximos responsables da crise actual. Inflaron a economía cos seus produtos financeiros especulativos e de alto risco enchendo de lixo os mercados coa complicidade dos gobernantes que consentiron e mesmo lexislaron ao seu favor. Mentres durou a festa gañaron auténticas fortunas e fixéronse de ouro ao tempo que deslocalizaban empresas e promovían reformas laborais para espremer máis aos traballadores e traballadoras.

Cando a burbulla estoupou a merda chegou a todas partes. Pero unha vez máis, os estados rescataron á banca con diñeiro dos contribuíntes co que seguiron especulando mentres crecía a débeda mantida coa riqueza do traballo de todos nós. Unha vez máis son os pobres quen cargan co peso das desfeitas económicas e quen está a sufrir os recortes e a precariedade.

• **Un negocio dentro do negocio**

Ademais de beneficiarse das axudas pagadas co noso diñeiro os poderes económicos están a presionar para que os gobernos realicen reformas e recortes argumentan-

do a necesidade de austeridade. Por outra banda, os estados están a aumentar impostos directos e indirectos ás clases populares para aumentar a recaudación. O que realmente pretenden é que os recortes acaben por deteriorar os servizos públicos para privatizalos e facer negocio e que os traballadores e traballadoras asuman a perda de dereitos históricos e uns niveis de precariedade laboral inasumibles. Queren facer negocio coa nosa saúde e a educación dos nosos fillos. Queren obter máis beneficios a costa das sucesivas reformas laborais. Máis negocio coa crise que encheu os seus pechos.

• **Un modelo democrático falso e deficitario**

A democracia representativa é unha gran mentira e resulta claramente insuficiente para evitar as manipulacións do poder. Votar cada catro anos supón entregar un cheque en branco aos políticos para que fagan o que queiran saltándose as oportunistas promesas de cada convocatoria electoral. A corrupción é unha lacra consustancial ao sistema e o poder económico traballa constantemente para que os gobernantes lles fagan o traballo sucio de cara ao aumento constante de beneficios. É unha democracia feita á medida do estado e de mercaderes e banqueiros que é necesario cambiar.

• **O poder da información e da desinformación**



Quen controla a información controla o poder. A información privilexiada, a que non aparece nos medios, é fonte de poder e de negocio. É a información á que ten escaso acceso a xente de a pé, a que manexan os poderes financeiros e os estados na economía globalizada.

O control dos medios de información está en mans duns poucos grupos editoriais e económicos. Este control permítilles presentar a realidade e manipular os acontecementos de modo que resulte beneficioso para os seus intereses. A información que nos facilitan non é obxectiva e en moitos casos chega de forma parcial, manipulada e descontextualizada. Son quen de crear e modificar estados de opinión en pouco tempo. É por iso que ante unha información secuestrada e sen veracidade non somos verdadeiramente libres. É necesario cambiar tamén esta situación.

• **Crise, información e populismos**

Coa profunda crise económica que estamos a padecer o malestar da poboación vai en aumento. En épocas de crise o poder económico e estatal tratan de evitar o descontento xeneralizado que poña en risco a súa posición dominante. A desinformación e as manipulacións son parte da estratexia de control de masas para evitar protestas e loitas populares. En río revolto, divide e vencerás.

O populismo mediático deixa paso a populismos ultraliberais e de extrema dereita que aproveitan o descontento para facer culpables a uns sectores ou outros da poboación.

ción. Uns aparecen como ilegais ou sospeitosos, outros como privilexiados e vagos... Nestas circunstancias é da máxima importancia que os traballadores e traballadoras tomen consciencia colectiva do verdadeiro problema e sen fisuras sinalen cun único dedo aos verdadeiros causantes da desfeita. Políticos e banqueiros. O sistema estatal-capitalista e os seus manexos son os únicos e verdadeiros causantes desta crise económica, do desastre ecolóxico e humanitario e das guerras que arrasan o planeta.

• Control e represión

Nesta situación o estado empregará sen que lle trema a man todos os recursos necesarios para reprimir calquera conato de revolta e protesta que o poña en xaque. Tendo en conta que unha boa parte do presuposto vai para manter o inmenso aparato militar, policial, xudicial e carcelario non é de estrañar que se saque proveito do mesmo nunha situación como a que estamos a vivir.

Mentres os gastos sociais diminúen constantemente, o gasto en policía, exércitos, xuíces e cárceres crece de xeito desmedido. O estado amosa así a súa verdadeira faciana, pois a súa función non é a de ser garante do benestar social, senón a de exercer de protector dos negocios de uns poucos

diante da xusta indignación da xente.

O estado nunca está co pobo. Todo o contrario, o reprime con saña cando se levanta e o mata lentamente todos os días.



Conciénciate, loita e cambia o mundo

• Todo seguirá peor...

Todo parece indicar que as cousas irán a peor mentres non intentemos cambialas. A crise a crea o sistema e no vai ser o sistema quen a solucione. O sistema non forma parte da solución, forma parte do problema. O capitalismo pretende continuar destruíndo a natureza, esgotando recursos e facendo sufrir á xente con precariedade, fame e guerras por todo o planeta. Todo en nome do diñeiro e da economía dos beneficios para uns poucos ricos e poderosos.

• Cambiemos a democracia: participación directa e horizontal

O estado, as institucións e os políticos que participan nelas están dentro do sistema e forman parte do problema. Fai moito tempo que renunciaron a cuestionar de raíz este modelo político e económico e se deixaron comprar polo poder financeiro a cambio de ofrecernos as migallas do estado de benestar. Todo isto a cambio dun traballo

asalariado precario e irracional e de máis ou menos servizos públicos que a día de hoxe tratan de deteriorar para privatizar.

A democracia representativa está caduca. É un instrumento dos poderosos para manipular e legislar de costas ao pobo. Non podemos delegar nuns poucos as importantes decisións que gobernan as nosas vidas. Ten que ser a xente quen decida en cada aldea, barrio, vila ou cidade, como quere construír a sociedade. De forma directa, horizontal, autoxestionaria e responsable. Non podemos aspirar á perfección, pero podemos mellorar moito as cousas e ser quen de tomar as rendas do noso destino.

• **Reconciliarnos coa natureza**

Temos que procurar de novo o equilibrio coa natureza se queremos darlle á xente nova e aos nosos fillos algunha oportunidade. De continuar o constante deterioro medioambiental, a destrución da biodiversidade animal e vexetal e o esgotamento de recursos, a supervivencia no planeta será cada vez máis penosa e miserable.

Para mellorar esta situación temos que cuestionar radicalmente o noso modo de vida e atopar alternativas que cambien o rumbo que nos leva cara ao precipicio. Son moitas e ilusionantes as posibilidades...

• **Non consumas, vive...**

O nivel de consumo nos países chamados desenvolvidos é insoportable. Non o aguanta a Natureza e o padecen con sufrimento os países do sur, a quen esquilamos sen respectar nin o seu medio natural nin ás súas culturas. Cada acto individual de consumo está condicionado en máis medida polo poder da propaganda que pola verdadeira necesidade. Con todo, o nivel de frustración nas sociedades máis consumistas é moi alto en relación co que desexamos e o que realmente podemos consumir. Cousas que non necesitamos nin conseguimos pero que provocan a nosa infelicidade. É necesario baixar o noso nivel de consumo para mellorar a nosa calidade de vida e o da nosa contorna. Podemos ser felices e vivir mellor consumindo moito menos. Pénsao ben... Vive!

• **Unha economía local e descapitalizada**

Fronte ao modelo económico global centrado no “libre mercado” dos grandes especuladores e do gran capital é necesario pasar a un modelo de economía local, comunitaria e descapitalizada. Unha economía máis humana feita pola xente e ao servizo da xente.

A actividade económica non pode ter unicamente en conta os beneficios e a rendibilidade económica pasando por alto o sufrimento que esta provoca nas persoas e na natureza. Os grandes movementos financeiros son anotacións informáticas que



se moven ao instante dunha parte a outra do planeta para especular coas nosas vidas.

É necesario por tanto cambiar o modelo por unha economía de dimensión estritamente humana enmarcada nun ámbito decisorio local para que en todo momento sexa posible unha regulación comunitaria de forma directa, libre e responsable.

• **Nin diñeiro nin traballo asalariado**


No sistema económico actual todo é considerado mercancía ou como o seu equivalente variable monetario. Un modelo económico descapitalizado entra en conflito co diñeiro como vehículo simbólico da transacción económica e a un tempo co traballo asalariado como fonte individual de ingresos económicos dinerarios.

Se tomamos como valores fundamentais aqueles que inciden na nosa calidade de vida, na nosa felicidade, o valor monetario das cousas e do que facemos é en comparación escaso. Temos que poñer en valor a nosa vida, o noso lecer e a posibilidade de crecer humanamente na comunidade de forma creativa e intelectual. Aquelo que cada un é, o que pode dar feito e o que pode aportar á comunidade realizándose como persoa. Aquello que, en definitiva, nos humaniza.

Reformular o diñeiro e o traballo asalariado sería doado se temos claros estes principios. Unha grande cantidade das cousas que producimos e consumimos son realmente innecesarias. Eliminando canto poidamos e queiramos destas cousas superfluas eliminamos moito traballo. E o traballo necesario que quede podemos repartilo na comunidade poñendo á súa disposición a forza de traballo e os medios de produción. Traballo comunitario para todo o mundo que garante todas as necesidades. De seguro que traballando tres ou catro horas diarias teríamos máis que suficiente. E quedarían outras vinte horas para gozar da vida ou para facer o que máis te interese ou para non facer nada...

• **Recuperando a vida local e o amor á terra**

Para artellar un espazo de convivencia de dimensión humana no local e no comunitario é necesario recuperar o amor á terra. O paulatino regreso da cidade ao campo facilitaría a recuperación de espazos esquecidos, permitiría unha reconciliación coa natureza e, sobre todo, potenciaría a autoxestión e a autosuficiencia da comunidade.



A obtención dos recursos básicos ten que ser no local para ser de xustiza coa natureza. A alimentación, a enerxía e a tecnoloxía teñen que partir deste nivel e satisfacer en grande medida as necesidades colectivas para acadar a posibilidade de realización e o equilibrio que buscamos. Non podemos incluír no custo ecolóxico e enerxético o transporte a grandes distancias de mercadorías.

É necesario recuperar tamén como ferramentas de primeiro nivel o saber e cultura tradicional local no referente as actividades comúns na vida campestre. Nas tarefas agrícolas e gandeiras, artesanais e culturais.

Tamén será necesario recuperar espazos verdes nas cidades e “ruralizar” a vida urbana para que a dependencia de produtos básicos sexa a menor posible. Romper a cidade en barrios-vila e en zonas verdes para traballo comunitario podería ser un bo comezo.

• O común fronte ao público

Cada vez máis, fálase das virtudes do “público”, esquecendo que o estado é un organismo con vida propia sobre o que non temos ningún poder e que funciona de xeito autónomo. As súas funcións básicas son as de proporcionar un marco seguro para os negocios e manter a paz social; só de xeito secundario asume algunhas tarefas asistenciais cara á xente. Pola contra, do público ven o adoctrinamento escolar, o militarismo rancio, a sobrexixilancia sobre as persoas, e mesmo a degradación da natureza.

A maior parte dos servizos públicos son empresas semi-privadas que funcionan baixo a lóxica do beneficio, e nos últimos anos moitas delas teñen pasado na súa totalidade ao sector privado. E boa parte dos espazos chamados públicos (ministerios, cuarteis, portos, teatros, museos, etc.) están vetados á maioría das persoas e funcionan de costas á sociedade.

Fronte ao “público” temos de recuperar o concepto do “común”, como aquilo que todos podemos utilizar facendo un uso racional e aceptado pola comunidade, e que ninguén pode monopolizar no seu propio beneficio. O común é garantía de xustiza pois serve a toda a comunidade segundo as súas necesidades e non pode ser apropiado por ninguén para tirar beneficios económicos. O que é común é de todas as persoas e todas elas ocupanse de cuidalo e procurar que o seu uso se extenda no tempo para as xeracións futuras.



• **Facer comunidade. Apoio mutuo e solidariedade**

O ser humano non é bo nin malo por natureza. É, en grande medida, produto da sociedade na que vive. As persoas son quen de facer os actos máis bós e altruistas, ou de cometer os máis terribles crimes; os valores sociais predominantes van determinar en grande medida o camiño que a xente vai tomar. Nesta sociedade materialista e consumista o individualismo egoísta está fundamente interiorizado en cada un de nós. Se cambiamos estes valores por outros de comunidade, de apoio mutuo e de solidariedade, avanzaremos nunha mellor dirección.

Mirando á historia e a moitos pobos milenarios decatámonos de que temos tendencia a crear comunidades. O apoio mutuo comunitario garante o noso benestar sen que por elo deixemos de ter personalidade propia. De ser quen somos. E sempre podemos, se nos apetece, marchar en solitario ou en compañía para un cumio ou cova remota.

O mecanismo da colaboración social foi quen de permitrnos pasar moitas probas que como especie superamos dende tempos inmemoriais. Do mesmo modo que certas especies animais colaboran na caza ou noutras actividades para superar as dificultades, o ser humano leva milenios vivindo en tribos e grupos comunitarios solidarios. A fin de contas, é unha boa forma de egoísmo pensar e actuar co principio de que o que beneficia á miña comunidade tamén me beneficia a min.

• **Compartir, reparara, reutilizar, reciclar...**

Compartir recursos e servizos é a mellor forma de aforrar e consumir menos ao tempo que facemos vida comunitaria.

Fronte a idea dun artilluxio en cada casa para cada unha das necesidades diarias é moito máis equilibrado fomentar o uso de servizos e útiles comúns. O comedor, o lavado e a limpeza, o lecer... Todo pode ser compartido canto e cando queiramos e o gasto en recursos e esforzos será moito menor e de seguro máis satisfactorio.

Nun espazo comunitario de dimensión humana a necesidade de mobilidade e transporte redúcese drásticamente.

Camiñar, ir en bicicleta e empregar transporte colectivo deberían ser máis que suficientes para cubrir estas necesidades. Todo o mundo debería moverse e traballar na mesma comunidade na que vive. O malgasto enerxético que supón o transporte mundial de produtos e a utilización masiva do automóbil particular é inasumible tendo en conta o esgotamento dos recursos e o deterioro me-

dioambiental.

Reparar, reutilizar e reciclar serían principios fundamentais da nova sociedade. Coa premisa de non quitarlle nada á natureza que non lle sexa devolto, usar canto máis tempo e en mellores condicións para finalmente reciclar. Ningún proceso debe romper este principio.

• Liberar a ciencia, popularizar a técnica.

A ciencia e a tecnoloxía están dirixidas por intereses económicos e políticos. Xa case non se pode falar da ciencia pola ciencia. Algúns dos “avances” científicos e tecnolóxicos veñen da man da industria militar e das grandes corporacións. Dende a enerxía nuclear ás patentes sobre a vida e as modificacións xenéticas de empresas agroalimentarias transnacionais.

Moitos dos artiluxios que usamos con normalidade a cotío son responsables directos da esquilma de recursos e de guerras polo control dos mesmos. A desmesurada industrialización da sociedade é causa de sufrimento e agrede sen control á natureza. É tempo de mudar esta situación lamentable.


Temos que devolver á ciencia aos seus orixes desinteresados e racionalistas. Queremos saber e coñecer as cousas polos derroteiros da san curiosidade intelectual. Nin máis nin menos.

É necesario tamén cuestionar as aplicacións tecnolóxicas e industriais que negan a vida. Un bo camiño podería ser o de popularizar a tecnoloxía recuperando os vellos oficios e incorporando os avances asumibles para un xusto equilibrio social e ambiental. Ou incorporar aqueles novos que cumpren os mesmos requisitos.

• Unha sociedade máis xusta

Vivimos instalados no individualismo e o consumismo. Nunha sociedade egoísta que adora o diñeiro sobre calquera outro valor humano solidario. Temos cada vez menos empatía polos demais e non somos quen de poñernos no lugar do outro. Unha sociedade na que uns poucos amasan inxentes cantidades de cartos mentres gran parte da poboación permanece na precariedade ou directamente na miseria.

Non é de estrañar entón que as autoridades e as forzas represivas do estado teñan cada vez máis “traballo” tratando de controlar á poboación descontenta, marxinal ou simplemente egoísta. Vivimos nunha sociedade enferma. De psicópatas gobernantes e de pobres ou psicópatas gobernados. E as infames cadeas cada vez máis cheas.



Unha nova sociedade antiautoritaria que desterre o diñeiro e o egoísmo do centro das pulsións e desexos e fomente os valores de liberdade e solidariedade comunitaria eliminará grande parte destes problemas e polo tanto non necesitará de aparato autoritario nin represor algún. A aparición de conflitos e a súa solución será responsabilidade colectiva.

Para lograr este obxectivo é necesario recuperar a tradición do dereito consuetudinario cun soporte no dereito natural ou iusnaturalismo. Con base nuns dereitos básicos universais cada comunidade resolverá de forma directa e libre os problemas que xurdan. Fronte a xustiza dos poderosos, desexamos unha sociedade profundamente moral e sa que solucione as desavinzas con humanidade.

• **Cultura, educación e saúde**

A cultura será libre, popular e sen máis dereitos que o recoñecemento e o mérito. Temos que recuperar a cultura activa do pobo e para o pobo fronte ao consumo pasivo de produtos desnaturalizados da mercadotecnia. A cultura non pode ser unha mercancía. Ten que estar ao servizo da creatividade e do crecemento persoal e colectivo. Para o lecer e para o goce estético e intelectual.

A educación memorística en espazos pechados de inspiración cuarteleira, con tempos regulados e materias compartimentadas ten que dar paso á educación en liberdade. Ten que ser un proceso integral dentro da comunidade, que forme parte da vida diaria e na que se comprometan todos os membros de forma colectiva. Unha educación racional e crítica baseada na creatividade, no coñecemento directo e a experiencia. Para sacar o mellor e máis humano de cada quen.

Tamén a saúde esta mercantilizada da man das poderosas farmacéuticas que presionan para o consumo masivo de medicinas e drogas e mesmo “fabrican” novas enfermidades ao tempo que novos fármacos. Podemos mellorar drásticamente a nosa saúde física e mental, o noso benestar, nunha sociedade sa cercana á terra e a natureza. Na que consumamos produtos naturais e eliminemos a contaminación e as sustancias tóxicas e prexudiciais das nosas vidas. Cremos na recuperación do saber tradicional e na saúde como un todo no que os profesionais da medicina teñan un papel máis preventivo que curativo.



• Tecendo redes horizontais libremente federadas de comunidades libres

Posta en marcha a nova sociedade co asentamento organizado de comunidades libres é tempo de poñerse de acordo con comunidades veciñas para abordar aquelas cuestións de interese. Intercambiar, facer, organizar... Nun modelo de comunidade ampla con base en asembleas horizontais de delegados que expresen a vontade das diferentes comunidades de forma directa. Una rede libre que se modela como un ser vivo na medida en que se toman decisión nunha ou noutra dirección.



• Sen présas pero sen pausas

Na sociedade actual todo son présas. O tempo está compartimentado e regulado e vivimos a golpe de reloxo. O tempo de traballar, o de ver a caixa boba cos seus saraos e noticiarios, o tempo exacto das vacacións e o pouco tempo de lecer... Unha nova sociedade ten que cambiar as presas e o abafado pola tranquilidade e a calma. O ritmo desta nova sociedade ten que ser sosegado e humano en todas as actividades cotiás na procura de harmonía coa natureza e cos nosos semellantes.

O tempo e a tranquilidade son necesarios tamén para madurar as decisións que queremos tomar chegando a acordos. Non teremos presa por facer ou decidir pero se-emos constantes no empeño sabendo da importancia e a responsabilidade que supón a nosa participación na comunidade.



*Queremos un tempo sen medida,
ase sen reloxos,
para gozar da vida e ser máis felices...*

se **NON** nos representan
os votés



abstención activa



Libertarioxs - Melide
Trapo Negro - Ourense
Unión Libertaria - Ferrol
www.unionlibertaria.org